



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

D. JOSÉ PARDO LOMBAO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI.-

INFORMA:

Que o 19/03/07 saíu publicada no Diario Oficial de Galicia a Orde pola que se establecen as bases e a convocatoria de axudas destinadas á adquisición de animais de reposición de determinadas razas bovinas, ovinas e cabrúas autóctonas, femias de reposición ou machos reprodutores que se adquiran en poxa pública durante o ano 2007.

Poderán ser beneficiarios destas axudas os titulares de explotación que adquiran na poxa un lote de como mínimo cinco femias de reposición para as especies ovina e cabrúa e tres xovencas de reposición para a especie bovina ou un macho reprodutor.

Os beneficiarios das axudas comprométense a manter na súa explotación os animais adquiridos durante un período mínimo de tres anos que se amplía a cinco no caso das xovencas de reposición.

A contía da subvención poderá acadar ata o 50% do custo do animal nas zonas desfavorecidas e o prazo de solicitude será durante os corenta días hábiles seguintes á adquisición dos animais.

Informase tamén que o 15/03/07 saíu publicada no D.O.G. a Orde pola que se prorroga ata o día 30 de abril de 2007 inclusive o prazo de presentación da solicitude única no réxime de pagamento único e doutros réximes de axuda directa á agricultura e gandería así como a indemnización compensatoria.

Outeiro de Rei, 20 de marzo de 2007.

O Alcalde,